

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**ASUNTO: RECTIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN.
EXP.2026/E001/000005.**

A Alcaldía, con data 13-02-2026, ditou a Resolución 194/2026 que aprobou as bases e a regulación da convocatoria de proceso selectivo para a elaboración dunha bolsa de traballo destinada á cobertura como funcionario/a interino/a do posto de traballo de técnico/a superior de xestión económico-administrativa (código ECA-01), polo sistema de quenda libre e a través do procedemento de selección de concurso-oposición.

As bases foron publicadas no taboleiro da sede electrónica do Concello de Vimianzo con data do 18/02/2026 e o extracto do anuncio consta no BOP núm. 33, do 19/02/2026. Durante o prazo de quince días naturais, contados a partir da publicación no BOP, presentáronse dez candidaturas, e consta unha máis, rexistrada fora dese prazo.

Por Resolución de Alcaldía núm. 451/2026 do 30/03/2026, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, publicada no taboleiro da sede electrónica do Concello de Vimianzo o 31/03/2026.

Por Resolución da Alcaldía núm.515/2026, do 10/04/2026, acordouse a aprobación da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, composición do tribunal e data das probas do proceso selectivo para a elaboración dunha bolsa de traballo de técnico/a superior de xestión económico-administrativa (ECA 01) no concello de Vimianzo, como funcionario/a interino/a.

Tendo en conta a base sexta das que regulan o proceso selectivo, aprobadas pola Resolución de Alcaldía núm. 194/2026.

En base ao anterior, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a modificación da composición do tribunal cualificador, segundo se indica a continuación:

Presidente:

Titular: Francisco J. Novoa Juiz, funcionario do Concello de Vimianzo

Suplente: Sandra M^a Abeijón Romero, funcionaria do Concello de Vimianzo

Secretaria:

Titular: Ivanna Vidal Domínguez, funcionaria do Concello de Vimianzo

Suplente: : Evaristo Suárez Corzón, funcionario do Concello de Vimianzo

Vogal 1:

Titular: Francisco Fernández Armada, funcionario do Concello de Vimianzo

Suplente: José Ramón Esperante Otero, funcionario do Concello de Mazaricos

Vogal 2:



Titular: Patricia Chas Filgueiras, funcionaria do Concello de Cabana de Bergantiños

Suplente: Julio Rodríguez Vázquez, funcionario do Concello de Vimianzo

Vogal 3:

Titular: Constantino Cobas Cotelo, funcionario do Concello de Dumbría

Suplente: Manuel Vicente Antelo Santos, funcionario do Concello de Vimianzo

Segundo.- Convocar ao tribunal para o 11/08/2026, ás 10:00 na Casa do Concello de Vimianzo (reunión que pode ser on line), para a constitución e a definición das probas. O tribunal establecerá o calendario de probas e anunciaraas cun mínimo de dous días naturais de antelación.

Terceiro.- Ordenar a publicación do contido desta resolución no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo.

Cuarto.- Dar conta deste acordo na próxima sesión plenaria ordinaria.

Así o manda e asina a alcaldesa do que eu, secretario xeral do Concello de Vimianzo, dou fe.

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

O secretario xeral

Francisco Javier Novoa Juiz